



BANUDO

Autorización de venda ambulante ou non sedentaria no mercado semanal

Don JULIO MOSQUERA GONZÁLEZ, en calidade de alcalde accidental do Concello de Celanova

FAGO SABER:

Que con motivo de autorizar o exercicio da venda ambulante e non sedentaria durante o mercado semanal que se celebra tódolos xoves nesta vila durante o ANO 2017, o **Real Decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante e non sedentaria e a Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia** obriga aos concellos a autorización do exercicio da venda ambulante, conforme ao disposto na presente Lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Conforme a esta lexislación serán requisitos inexcusables para a concesión da mencionada autorización de venda ambulante os seguintes:

- a. Estar dado ou dada de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e, no seu caso, no imposto de actividades económicas.
- b. Cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos.
- c. Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de recibir formación en materia de manipulación de alimentos.
- d. Satisfacer as taxas e os tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.
- e. Dispoñer dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen exixibles, si se tratase de persoas estranxeiras.
- f. As persoas físicas deberán acreditar os seguintes extremos: o DNI, NIF, NIE ou PASAPORTE; As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.
- g. Dispoñer de seguro de responsabilidade civil.

Presentación da solicitude: para solicitar autorización dun posto de mercado presentarase a solicitude e documentación requirida nas Oficinas Municipais de Rexistro, nos Registros da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas, e en todas aquelas oficinas de rexistro que establecen as disposicións vixentes. Tamén poderá remitilo mediante as demais formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 01 de outubro.

Prazo de presentación: do **02 de Xaneiro de 2017** ao **28 de Febreiro de 2017, ámbolos dous inclusive, IMPRRORROGABLE, para as solicitudes de autorización por período anual, semestral e trimestral. Se se presentan solicitudes fora de prazo, e se procede e existe sitio, outorgarase a autorización con carácter diario, independentemente do período solicitado.**

Para as solicitudes de autorización diaria presentaranse sempre cunha semana de antelación á data do exercicio da actividade no mercado semanal.

Procedemento de autorizacións: o procedemento para o outorgamento das autorizacións para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria seguirá os seguintes criterios, no suposto de existir máis solicitudes que postos:

1. En primeiro lugar, outorgaranse seguindo a prelación do rexistro de entrada.
2. En segundo lugar, clasificaranse segundo o período solicitado establecéndose a seguinte orde de prioridade: 1º anual; 2º semestral; 3º trimestral e 4º diario, ata que se cubriren tódolos postos.
3. No suposto que quedase algúnha solicitude sen adxudicar un posto, e cumprindo os requisitos legais, poderase autorizar con carácter diario, e sempre que un posto autorizado non asistira ao mercado ese día, e a informe da persoa encargada do mercado semanal.

Celanova, 29 de decembro de 2016

JULIO MOSQUERA GONZÁLEZ
ALCALDE ACCIDENTAL



Concello de Celanova